



Bases do VII Concurso de Carrozas

1ª PARTICIPANTES: Para participar é obrigatorio formar parte dalgún dos Fulións participantes do desfile do día 18 de Febreiro de 2023 e do mesmo xeito realizar o percorrido completo. O percorrido do desfile é obrigatorio, sendo o mesmo que para os Fulións.

2ª OBXECTO: Promover a participación da veciñanza fomentando a creación das tradicionais carrozas, conservando así a nosa tradición, co fin de difundir e poñer en valor o Entrudío de Vilariño de Conso.

3ª REQUISITOS: Considérase carroza unha representación dun tema enriba dun remolque e dirixido por un vehículo e un condutor.

4ª PREMIOS: Establécese unha única carroza gañadora que terá un premio de 250,00 euros e ademais tódalas carrozas participantes que cumpran estas bases, só por participar, terán un premio de 70,00 euros.

5ª FALLO: O fallo do xurado producirase durante o mesmo día do desfile, e será comunicado durante o transcurso da festa. O premio da carroza gañadora entregárase no mesmo momento e o das participantes nos seguintes días ao representante do Fulión.

6ª O XURADO: O Xurado avaliará no intervalo de 1 a 10 puntos os seguintes aspectos para cualificar as carrozas:

- Laboriosidade
- Vestiario
- Orixinalidade
- Tradición
- Si é ou non representación de labores típicas do entorno

As persoas membros do xurado avaliarán as carrozas participantes no desfile desde diferentes puntos do percorrido sen determinar, non haberá un palco de xurado.

A cualificación das distintas modalidades será determinada polo xurado do concurso que estará composto por:

1. **Melisa Macía Domínguez** – Alcaldesa do Concello de Vilariño de Conso
2. **Julio Domínguez Pérez** – Veciño de Pradoalbar (Vilariño de Conso)

3. **Felipe Vicente Pérez** – Veciño e empresario de Vilariño de Conso

7ª OBSERVACIÓN: A organización non se fai responsable dos condutores das carrozas ou vehículos que circulen sen permiso de conducir ou que consuman alcohol antes ou durante o traxecto. Polo tanto asume a responsabilidade dito condutor.

As carrozas, remolques e tódolos vehículos que participen en dito desfile, deberán dispor do seguro obrigatorio e a póliza de seguro de danos a terceiros (Responsabilidade Civil).

A Asociación Cultural “XUNTOS POLO FULIÓN”, non se responsabiliza dos danos que ocasionen os vehículos participantes, cuxa responsabilidade será dos representantes e das compañías aseguradoras contratadas por cada propietario de ditos vehículos.

8ª ACEPTACIÓN DAS BASES: A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada unha destas bases e do fallo inapelable do xurado, podendo incluso declarar deserto o premio si o estimase oportuno.

¡ANÍMATE E PARTICIPA CON NÓS!

En Vilariño de Conso, 2 de febreiro de 2023

A directiva da Asociación “*Xuntos polo Fulión*”